



Informe Xabarín 2023

O galego nos contidos infantís
e xuvenís dos principais servizos
audiovisuais de televisión

Índice

1	Introdución, metodoloxía e cuestións previas	1
2	Canles infantís dispoñíbeis nas principais operadoras de paquetes de televisión	3
2.1	Movistar+	3
2.2	Vodafone TV	4
2.3	Orange TV	4
2.4	R TV	4
2.5	Análise conxunta	5
3	Programación infantil e xuvenil nos servizos de comunicación audiovisual televisivo lineais	7
3.1	Televisión de Galiza	7
3.2	Clan	8
3.2	Boing	8
3.3	Disney Channel	9
3.4	Contidos das canles temáticas infantís e xuvenís nos servizos de televisión lineal	9
4	Servizos de comunicación audiovisual televisivo a petición	10
4.1	Mitele	10
4.2	Atresplayer	10
4.3	Filmin	11
4.4	Movistar +	11
5	Servizo de comunicación audiovisual televisivo a petición con sede noutro estado da UE	12
5.1	Netflix	12
5.2	HBO Max	13
5.3	Prime Video	13
5.4	Disney +	14
6	Análise conxunta	15
7	Conclusións	15

Coordina: Marcos Maceira Eiras
Estudo: Laura Borrajo Fernández

©2023 A Mesa pola Normalización Lingüística

Rúa García Prieto 7, semisoto B
15706 Santiago de Compostela
www.amesa.gal

1 **Introdución, metodoloxía e cuestións previas**

En 2018 A Mesa pola Normalización Lingüística daba a coñecer un estudo sobre a situación do galego na programación infantil e xuvenil que se centraba fundamentalmente na TDT. En pouco tempo a situación mudou moito. A extensión de novas plataformas de servizos audiovisuais axudou a incrementar a oferta dispoñíbel que xa se concentra maioritariamente fóra das canles de televisión tradicionais.

A exclusión do galego no audiovisual detectada neste informe, así como a inexistencia de posibilidade de uso do galego na dobraxe e lexendaxe mesmo a través de acordos como o que permite os contidos en éuscaro ou catalán por 60.000 euros/ano en Euskadi ou Cataluña, motivou o desenvolvemento da Iniciativa Xabarín que obtivo o apoio de máis de 33.000 persoas e, finalmente, a unanimidade parlamentar.

Como contribución ao debate e acordo, en paralelo á campaña da Iniciativa Xabarín desenvolvida pola Mesa pola Normalización Lingüística, en 2021 elaborouse o informe Netflix que voltaba a pór de manifesto a situación de exclusión do galego e a ausencia da máis mínima oferta.

O texto da iniciativa acordado polo Parlamento galego dicía o seguinte:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

—1.º Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

—2.º Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.

—3.º Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

—4.º Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RTP en Galicia e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.

A iniciativa Xabarín continuou exercendo presión sobre os grupos parlamentares para que Lei xeral de comunicación audiovisual (LXCA) recollese os aspectos contemplados na iniciativa Xabarín, nomeadamente na igualdade para o galego no referido ás cotas de catálogo e emisión, financiamento anticipado, dobraxe, lexendaxe e audiodescricións.

Esta presión foi capaz de conseguir o establecemento dunhas cotas mínimas e garantías de presenza do galego nos contidos audiovisuais destinados a menores de 12 anos. Porén, nen o goberno español nen o Congreso dos deputados estiveron dispostos a favorecer a igualdade reclamada unanimemente polo Parlamento de Galiza.

Con este informe tentaremos actualizar os datos sobre presenza do galego no audiovisual televisivo, nomeadamente no que ten como público obxectivo o infantil e xuvenil. Para valorar os datos basearémonos na resolución do Parlamento de Galiza e os mínimos que estableceu a LXCA.

Metodoloxía

Coa finalidade de ordenar as plataformas e canles analizadas de xeito coherente e que facilite a súa análise, empregáronse o tipo de servizo e as definicións establecidas pola Lei Xeral de Comunicación Audiovisual, polo que serán agrupadas segundo o tipo de servizo audiovisual que presten, do seguinte xeito:

- Canles infantís dispoñíbeis nas principais operadoras de paquetes de televisión.
- Programación infantil e xuvenil nos servizos de comunicación audiovisual televisivo lineais.
- Servizos de comunicación audiovisual televisivo a petición.
- Servizo de comunicación audiovisual televisivo a petición con sede noutro estado da UE.

En relación ás operadoras de paquetes de televisión escollemos as máis contratadas en Galiza, tendo en conta que o seu peso debido a que adoitan ir aparelados aos contratos de telefonía móbil e internet. Dentro destes paquetes estudáronse as canles temáticas ou bloques de programación infantil e xuvenil.

Para as plataformas de *streaming* para establecer cal é a programación infantil e xuvenil estableceuse como criterio ben o que empregan as propias plataformas nas seccións correspondentes, ben a selección daqueles contidos catalogados para 12 ou menos anos e todos os públicos, por manter un criterio acorde coas obrigas que establece a LXCA, aínda sendo conscientes de que pode dar lugar a un nesgo e sinalar unha porcentaxe de galego maior da realmente existente.

O informe comezará primeiramente por analizar cada apartado para rematar cunha análise conxunta de todas elas e as conclusións extraídas en relación á presenza do galego e situación deste.

Tal e como se sinalou, para a análise dos datos extraídos para este informe, resulta de suma importancia ter en conta a nova Lei do Audiovisual, segundo a cal determinadas canles e plataformas analizadas, en función dalgunhas das súas características, deben adaptar os seus contidos en materia lingüística.

En primeiro lugar, o servizo público de comunicación audiovisual televisivo lineal de ámbito estatal, é dicir, as canles pertencentes a RTVE, vense directamente afectadas polo artigo 115.2. Segundo este, deben emitir un mínimo dun 3,8% de contidos en linguas cooficiais diferentes do español; reservando ademais un 2,5% para cada unha delas.

Ademais, segundo o primeiro apartado da disposición adicional segunda:

O fornecedor do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito estatal (...) garantirá nos seus servizos de comunicación audiovisual temáticos infantís, e nos seus catálogos de programas, a incorporación de contidos audiovisuais especialmente recomendados para o público infantil de até doce anos, dobrados nas linguas oficiais das comunidades Autónomas diferentes do español (...)

En segundo lugar o servizo de comunicación audiovisual televisivo a petición, é dicir, as plataformas que se consultan dende a internet –a excepción das que son internacionais– deben emitir un mínimo dun 6% en linguas cooficiais diferentes do español, reservando un mínimo dun 1,5% para cada unha delas.

Finalmente, o servizo de comunicación audiovisual televisivo a petición, segundo o apartado 2 da disposición adicional quinta, está na obriga de impulsar, en colaboración coas Comunidades autónomas con lingua propia cooficial, un acordo de autorregulación –nun prazo de seis meses dende a entrada en vigor da Lei– cos provedores do servizo que dirixan os seus servizos ao mercado español para a incorporación de contidos dobrados ou lexendados nestas linguas con especial atención a contidos dirixidos a público infantil de até 12 anos. Ademais deben incluír nos seus catálogos as versións lingüísticas daquelas obras audiovisuais que xa foran dobradas ou lexendadas a algunha das linguas oficiais das Comunidades autónomas sempre que for tecnicamente viábel.

2 Canles infantís dispoñíbeis nas principais operadoras de paquetes de televisión

2.1 Movistar +

Movistar é a marca comercial baixo a cal opera a empresa multinacional de telecomunicacións de orixe española Telefónica. Entre os seus servizos pódese contratar televisión por fibra ou por satélite.

Dese xeito, dentro da súa oferta televisiva atópanse canles de todo tipo: deportes, cinema, documentais, etc.

A súa oferta de canles infantís é a seguinte:

Nickelodeon Ykpaiha Pluto TV (Ucráina)

Baby TV

Disney Junior

Enfamilia

Nickelodeon Junior

Nickelodeon

DreamWorks

Disney Channel

Boing

Clan

Nengunha canle ten oferta en galego nen a operadora conta cunha canle temática infantil da tvG, aínda que as canles temáticas infantís da televisión vasca (ETB3) e catalá (Super 3) si están dispoñíbeis nos seus respectivos territorios.

2.2 Vodafone TV

Vodafone TV é, principalmente, un servizo de televisión dixital de carácter interactivo ofertado pola compañía de telecomunicacións británica chamada Vodafone. Comezou os seus servizos no ano 2006 e é na actualidade unha das operadoras máis contratadas.

Dentro da súa oferta atópanse multitude de canles de tipos moi diferentes, entre elas as temáticas infantís seguintes:

Clan
Disney XD
Disney Channel
Canal Panda
Boing
Nickelodeon
Disney Junior
Nickelodeon Junior

Nengunha canle ten oferta en galego nen a operadora conta cunha canle temática infantil da tvG, aínda que as canles temáticas infantís da televisión vasca (ETB3) e catalá (Super 3) si están dispoñíbeis nos seus respectivos territorios.

2.3 Orange TV

Orange TV consiste principalmente nun servizo de televisión interactiva ofertado pola compañía de telecomunicacións francesa Orange en España. Comezou a súa actividade a finais do ano 2006.

Como todas as demais plataformas analizadas, conta con canles que emiten programas de todo tipo para públicos moi diversos. A súa oferta de canles infantís e xuvenís a seguinte:

DreamWorks
Disney Junior
Nickelodeon Junior
Boing
Nickelodeon
Disney Channel
Clan

Nengunha canle ten oferta en galego nen a operadora conta cunha canle temática infantil da tvG, aínda que as canles temáticas infantís da televisión vasca (ETB3) e catalá (Super 3) si están dispoñíbeis nos seus respectivos territorios.

2.4 R TV

R Televisión é o servizo de televisión por internet interactivo da compañía R Cable y Telecable Telecomunicaciones, unha filial de Euskaltel que á súa vez pertence ao grupo Más Móvil Ibercom SA. Para o caso de R, o seu territorio de operación é toda Galiza e partes de Cantabria e León.

Tal e como sucede con tódalas demais, R TV posúe unha oferta de canles con moita variedade temática, dentro da cal a infantil e xuvenil é a seguinte:

Nickelodeon Junior
Nickelodeon
Clan
Boing
Disney Channel
Lolly Kids
Disney Junior
DreamWorks
Nickelodeon Ykpaiha Pluto TV (Ucráina)

Como vemos, no caso de R, repítese a exclusión do galego das canles infantís e xuvenís e segue sen se cumprir o 1.º punto da Iniciativa Xabarín e por tanto non conta cunha canle temática infantil e xuvenil da tvG. Que esta situación de discriminación se produza precisamente por parte desta operadora sorprende aínda máis, xa que fornece os seus servizos concretamente nas áreas lingüísticas do galego, diferenciándose popularmente das demais operadoras por ser a única que oferta atención e publicidade en galego dun xeito amplo. Porén, isto non se traslada á oferta concreta nos contidos infantís e xuvenís.

2.5 Análise conxunta

O primeiro punto da Iniciativa Xabarín instaba a que o sinal das canles Xabarín da (web e Apps) *fose distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.* Este punto da Iniciativa está sen concretizar aínda que é probábel que en breve poidamos gozar da aplicación Over The Top 2.0 (OTT2.0) da CRTVG, segundo confirmaron á Mesa desde a dirección da corporación.

Aínda que o Parlamento de Galiza tamén instou ao goberno central a que a lei do audiovisual recollese a igualdade na dobraxe, lexendaxe e audiodescripcións isto finalmente non aconteceu. Porén, aínda que en termos menos concretos e prescritivos que os propostos pola Mesa e o mesmo Parlamento Galego, a lei audiovisual recolle na disposición adicional 5.^a que *o fornecedor do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito estatal e os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito estatal garantirán nos seus servizos de comunicación audiovisual temáticos infantís, e nos seus catálogos de programas, a incorporación de contidos audiovisuais especialmente recomendados para o público infantil de até doce anos, dobrados nas linguas oficiais das comunidades Autónomas. Asimesmo, estes fornecedores ofrecerán contidos audiovisuais dirixidos ao público xeral, dobrados ou lexendados nas linguas oficiais das Comunidades Autónomas.*

Á luz dos datos que recollemos neste informe o incumprimento do acordo do parlamento galego e da lei audiovisual é claro tanto no que di respecto da dispoñibilidade da programación Xabarín da tvG (que será analizada no seguinte punto) en todas as operadoras, como de calquera presenza do galego na programación de servizos de televisión dirixidos á poboación de 12 ou menos anos, resultando especialmente escandalosa, por canto é un servizo público sustentado tamén co diñeiro de galegas e galegos, a exclusión do galego na canle Clan da CRTVE.

Operadora	Canles infantís con contidos en español	Canles infantís con contidos en galego	Canles infantil TV autonómica (nos seus territorios)
Movistar +	9	—	2
Vodafone TV	8	—	2
Orange	7	—	2
R	8	—	—

Canles infantís ofertadas

A situación apiora ao analizarmos as canles temáticas ofertadas a través das operadoras de servizos televisivos, onde só é posíbel comparar coa oferta da G2 por non existir aínda canle temática propia.

Canles infantís ofertadas	Operadoras	Disposición en operadoras	Horas de emisión en galego/día (de 2.ª a 6.ª feira)	Horas de emisión en castelán/día
Baby TV	1	Movistar	—	24
Boing	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Canal Panda	1	Vodafone	—	24
Clan (pública estatal)	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Disney Channel	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Disney Junior	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Disney XD	1	Vodafone	—	24
DreamWorks	3	Movistar, Orange, R	—	24
Enfamilia	1	Movistar	—	24
Lolly Kids	1	R	—	24
Nickelodeon	3	Movistar, Orange, R	—	24
Nickelodeon Junior	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	—	24
Nickelodeon Ykpaiha Pluto TV (Ucraina)	2	Movistar, R	—	—
TVG2 (pública galega)	4	Movistar, Vodafone, Orange, R	2 h 55'	—
Total			2 h 55'	288 h
Porcentaxe galego			0,83%	99,17%

3 Programación infantil e xuvenil nos servizos de comunicación audiovisual televisivo lineais

3.1 Televisión de Galiza

Analizando a súa presenza en xeral encontrámonos con que é a única televisión autonómica de lingua propia oficial que non está dispoñíbel con canle temática infantil e xuvenil ofertada no seu territorio en ningunha das operadoras de telefonía e televisión que ofrecen o seus servizos na Galiza –tal e como se viu no apartado previo–, e non se atopa en ningunha das plataformas de pago que operan en Galiza.

Dentro das plataformas gratuítas, desde o ano 2019, o Xabarín posúe unha canle propia en Youtube, na que conta con máis de 2000 subscritores e case 600.000 visualizacións no conxunto dos seus vídeos.

En total, na canle de Youtube do Xabarín hai 170 vídeos publicados; mais a última publicación é de maio de 2021 –o que supón case 2 anos de inactividade–. Daquela, a pesar de ser positiva a existencia de contidos do Xabarín no Youtube, a inactividade e a antigüidade deles xoga na súa contra.

Aínda así, o feito de que no último xaneiro deste 2023 a canle recibise máis de 17.500 visualizacións e 70 novos subscritores, non fai máis que evidenciar o feito de que resulta unha necesidade social o mantemento da propia canle así como a súa renovación.

Por outra banda, na sección de directos da páxina da TVG existe un apartado adicado exclusivamente ao Xabarín; no cal se emiten de xeito continuo os programas propios do Xabarín integramente en galego xunto a outros tres directos máis clasificados segundo a idade das crianzas que están a visualizar os programas: «pequerrechos», para ata 6 anos; «cativos», de 6 a 9 anos; e «mociños», a partir dos 9 anos.

Tamén en directo, en relación coa música en galego, encóntrase a *Radio Picariña*, que emite cancións en galego relacionadas co mundo do Xabarín, os «Xabaclips», o «Xabarín en concerto» e as sintonías míticas do programa.

Finalmente, o Xabarín conta tamén coa súa propia aplicación móbil; na cal se poden reproducir de xeito gratuíto os seus contidos. Porén, son destacábeis os problemas de funcionamento e as dificultades para lanzar os contidos da App á televisión a través de dispositivos como ChromeCast ou semellantes, malia este aspecto estar contemplado na Iniciativa Xabarín.

Horarios*

A programación infantil da TVG emítase na súa segunda canle durante a semana de 7 a 8:30 da mañá, e como norma xeral, de 19.55 a 20.50 do serán. Os sábados e domingos o horario infantil e xuvenil é de 7 a 15.30 e o domingo de 7.00 a 10.55.

Estas 14h 50´ son neste momento as únicas emisións en galego existentes no conxunto de canles de televisión e supoñen sobre o total da oferta na TDT o 2,4% de segunda a sexta feira, e o 3,7% dos sábados e domingos. Cómpre destacar a importante caída desde o 4,6% e o 2,7% respectivamente do ano 2018 cando a Mesa elaborou o anterior informe.

	Horario G2	Horas G2	Horas totais	% galego infantil TDT	% 2018
Semana	7 a 8.30 / 19.55 a 20.50	2h 25´	98h 30´	2,44%	4,6%
Sábados e domingos	7 a 10.55	3h 55´	99h 55´	3,70%	2,7%

* Emisións infantís e xuvenís contabilizadas: G2, Disney Channel, Clan, Mega, Boing

Contidos

A canle Xabarín dispoñíbel na web da TVG conta con 52 series e filmes, sendo absolutamente todas emitidas en galego, e accesíbeis a través da súa web e app. En calquera caso, especialmente na app presenta problemas de visualización cuxa orixe pode ser a falta de actualizacións desde a súa saída. Compriría, pois, mellorar este aspecto.

3.2 Clan

Clan é unha canle de televisión en aberto pertencente á Televisión Española, nada a finais do ano 2005 e cuxo público obxectivo son crianzas e adolescentes. Esta canle conta con moito contido de produción propia, mais emite tamén series e filmes de diversas procedencias.

A información en relación ás series e filmes emitidos por Clan foi obtida da súa páxina web, onde ademais é posíbel visualizar tódolos contidos.

Con todo, antes de analizar os contidos propiamente ofertados por Clan, é relevante observar primeiro a dispoñibilidade da propia canle noutros métodos de visualización de contidos.

Esta canle está dispoñíbel a través da TDT de xeito gratuíto, ademais de atoparse dentro dos paquetes de canles infantís das seguintes operadoras analizadas: Movistar +, Vodafone TV, Orange TV e R.

Daquela, podemos afirmar que Clan é unha canle infantil cuxo acceso e dispoñibilidade é bastante sinxelo e amplo.

A listaxe de programas emitidos nesta canle acada a cifra de 140, cunha media de data de produción situada no 2016, presentando un dos catálogos máis actuais e novidosos para o público infantil. Os idiomas dispoñíbeis máis habituais nas diferentes versión (orixinais dobradas e/ou lexendadas) son castelán (100%), inglés (V.O. 44%) e francés (V.O. 15%). A dispoñibilidade e contidos en galego en calquera versión é do 0% a pesar de pertencer ao grupo da televisión pública estatal, e que na mesma canle pública, malia o sinalado na lei audiovisual a respecto das obrigas de emisión en linguas cooficiais, nomeadamente como canle temática destinada a público de 12 anos ou menos. Se ben descoñecemos se TVE realizou algún investimento en producións infantís na lingua de Galiza, si podemos afirmar que non houbo nengunha emisión de contidos en galego financiados pola canle pública.

Pola contra, malia non ter nengunha obriga, en Clan atópanse multitude de contidos con opción de visualización en inglés, destacados cunha icona da bandeira británica e baixo o logo «Let`s Clan».

3.2 Boing

Boing é unha canle de televisión aberta que opera de xeito internacional, cuxo contido é de orientación infantil e xuvenil e baséase fundamentalmente en series animadas, a meirande parte propiedade de Warner Bros, Cartoon Network e Boomerang. Está en funcionamento dende o ano 2010.

Ao observar o nivel de dispoñibilidade e accesibilidade da canle Boing, esta atópase de xeito gratuíto na TDT e, tal como se indicou, dentro da oferta de canles infantís das seguintes operadoras de telefonía aquí analizadas: Movistar +, Vodafone TV, Orange TV e R TV.

Esta canle conta cunha páxina web na que se recollen todos os seus contidos que, aliás, tamén se poden ver completos de xeito gratuíto.

Boing conta cun total de 27 contidos, de orixes diversas mais cunha media de data de produción en 2013. O 100% destes contidos están dispoñíbeis en castelán, o 74% en inglés, o 18% en xaponés e o 4% en danés.

3.3 Disney Channel

Disney Channel é unha canle de televisión privada que emite en España de xeito aberto dende o ano 2008 mais naceu no ano 1998 como canle por subscrición. Está dirixida principalmente a crianzas e adolescentes.

As súas emisións, aínda que non na súa totalidade, están baseadas en contidos de produción propia, elaborados pola factoría Disney, que emite constantemente series e filmes xa estreados en Disney+. Emítense en Movistar +, Vodafone TV, Orange TV e R TV.

Neste momento, Disney Channel conta con 127 títulos dentro dos seus contidos, todos eles con dispoñibilidade de castelán. No entanto, ningún deles ten posibilidade de acceso en galego, for en versión orixinal, dobrada, ou lexendada.

3.4 Contidos das canles temáticas infantís e xuvenís nos servizos de televisión lineal

Tomando como referencia os contidos accesíbeis a través das páxinas web dos servizos de televisión e que son emitidos a través das diferentes das diferentes canles a presenza do galego sería dun 15% do total de contidos, porén hai que destacar que a visualización destes contidos só é posíbel a través da web ou da App da tvG.

	Castelán	% castelán	Galego	% galego
TVG	—	—	52	100%
Clan	140	100%	—	—
Boing	27	100%	—	—
Disney Channel	127	100%	—	—
Total	294		52	
Porcentaxe		85%		15%

4 Servizos de comunicación audiovisual televisivo a petición

A diferenza do que acontece cos servizos de comunicación televisivo lineal que non teñen mínimo de emisión en galego, os servizos a petición teñen establecido na LXCA un 1,5% e a obriga de garantir a opción de galego nos contidos para menores de 12 anos, que, como veremos, non se cumpre en ningún caso, resultando máis chamativo no caso de RTVE Play, por ser dependente do Estado e que debería, por tanto, ser exemplo e referencia no cumprimento da lei.

4.1 RTVE Play

RTVE Play é a OTT 2.0 da Corporación de Radio Televisión Española, pertencente ao Estado español, que ofrece servizos de transmisión de contidos audiovisuais a través de internet e conta coa súa aplicación para diferentes tipos de dispositivos. En RTVE Play pódese acceder a grande parte de programas e contidos que emiten ou emitiron TVE e RNE en todas as súas canles. Conta ademais con seccións específicas por temática (Somos Cine, Internacional, Cinema de sempre...). Para este estudo tívose en conta a oferta de series e filmes, ademais dos contidos indicados para público infantil sinalados xa no apartado referido a Clan. Cómpre indicar que dos 4 filmes que ten RTVE Play cuxa versión orixinal é en galego, os 4 teñen versión dobrada ao castelán e en 3 deles dáse opción de velos en versión orixinal en galego. Porén, un, *A illa das mentiras*, só ten no audio música e son de ambiente e non hai posibilidade de acceso aos diálogos. Malia esa salvidade, que impide o acceso real á versión

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	743	4	743	0,53%
Infantil e xuvenil	140	—	140	0%

4.1 Mitele

Mitele consiste, principalmente, nun servizo de transmisión por internet para contidos ou ben xa emitidos por televisión ou ben xerados especificamente para a web, pertencente a Mediaset España. Dentro deste, atópanse as canles Telecinco, Cuatro, Factoría de Ficción, Boing, Energy, Divinity, Be Mad e Mt Mad.

Na páxina web de Mitele non existe un apartado específico destinado ás crianzas, máis derivan á páxina web da canle de televisión Boing; pertencente a Mediaset –Mitele–.

Daquela, tódolos contidos infantís emitidos en Mitele quedan recollidos na páxina de Boing. Tí no seu conxunto dispón de 140 títulos dos cais 0 están en galego.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	140	—	140	0%
Infantil e xuvenil	27	—	27	0%

4.2 Atresplayer

Atresplayer é un servizo de transmisión de subscrición de vídeo á carta baixo demanda por internet, pertencente a Atresmedia. Foi estreado no ano 2013 baixo o nome de Nubeox, e oferta contido de todo tipo como telenovelas, deportes e as propias canles da televisión tradicional en directo.

Globalmente, infantís e xuvenís ou non, Atresplayer conta con 6795 contidos no seu repertorio; dos cales ningún está en galego de ningún xeito.

Unha das opcións que oferta recibe o nome de Kidz, con contidos dirixidos a un público infantil e xuvenil. Será de ese apartado da súa web de onde se extraerán os datos empregados para a presente análise. Kidz conta con 100 títulos no seu repertorio, o 100% con versión en castelán, 51% en inglés, 17% en xaponés e 10% en francés. De novo, o galego como idioma orixinal, dobrado ou lexendado brilla pola súa ausencia.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	6795	—	6795	0%
Infantil e xuvenil	100	—	100	0%

4.3 Filmin

Filmin é unha plataforma para visualizar filmes online baixo subscrición de orixe español, que naceu no ano 2007 e diferénciase das demais principalmente pola súa oferta de contidos relacionados co cine de autor e independente –así como un amplo repertorio de filmes estranxeiros coa súa versión orixinal.

Aínda que, polas características dos seus contidos, podería estar máis orientada a un público adulto; Filmin tamén oferta contidos infantís e xuvenís baixo a etiqueta Filmin KIDS, etiqueta da cal foron extraídos os contidos para a análise desta plataforma.

Globalmente, Filmin oferta na súa páxina 9386 programas de tódolos tipos e para públicos moi diversos, dos cales 29 están dispoñíbeis en lingua galega –todos os recollidos baixo a temática de «Novo Cinema Galego» dentro da páxina da plataforma.

Avanzando cara os contidos propiamente infantís e xuvenís, obxecto deste informe, en Filmin Kids atópanse un total de 270 títulos dispoñíbeis dos cais contan co castelán como idioma orixinal o 25%, seguido do inglés nun 19% e do francés nun 14%, todos eles con posibilidade de visualización, cando menos en versión lexendada, en español. Filmin conta con 2 programas de produción orixinal en galego, o que supón un 0,74% dos seus contidos e é destacábel a presenza de 5 contidos cuxo idioma de produción é o catalán (1,85%), 1 cuxo idioma orixinal é o éuscaro (0,37%) e 1 dobrado en aragonés. Porén, a lingua orixinal dun dos títulos en galego, é perceptíbel só nos créditos e lexendas ao non contar con diálogos.

Respecto ao uso das linguas propias cooficiais en xeral, en total, no catálogo de Filmin Kids recollen 23 programas dobrados (8,51%) e 3 lexendados (1,11%) a éuscaro e 116 programas dobrados (42,96%) e 23 lexendados (8,51%) ao catalán, ademais do comentado ao aragonés e os que xa contan con versión orixinal nestas linguas.

En definitiva, a plataforma Filmin, aínda que parece estar concienciada coa realidade de pluralidade lingüística do Estado español; aínda ten moito traballo por diante, especialmente en relación aos contidos en galego e en éuscaro.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	9386	29	9386	0,3%
Infantil e xuvenil	270	2	270	0,74%

4.4 Movistar +

Como xa se comentou, Movistar + é a plataforma dixital mediante a cal a empresa española Movistar oferta contidos audiovisuais aos seus subscritores de pago. No seu catálogo atópanse contidos para tódolos públicos e de diversos tipos, mais os necesarios para a presente análise están baixo as etiquetas de «infantil», «programas infantís», «cine infantil y familiar» e «series infantís».

Para acceder a ditas etiquetas débese empregar o buscador da propia páxina de Movistar +, e será de aí de onde serán extraídos os datos empregados para a elaboración deste apartado da análise.

De xeito xeral, na plataforma atópanse 1924 contidos, dos cales dous poden ser visualizados en versión orixinal en galego.

Ao observar os programas infantís e xuvenís, dentro das nomeadas etiquetas atópanse, en total, 177 títulos cuxo público obxectivo son crianzas; mais ningún deles ten o galego dispoñíbel de ningún xeito –nin como idioma orixinal, nin na dobraxe e tampouco na lexendaxe–. Co 100% de opción dobrada ao castelán, o 80% conta con Versión orixinal en inglés e entre as linguas máis comúns encóntranse o francés cun 6,2%, e o xaponés cun 3,4%.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	1924	2	1924	0,1%
Infantil e xuvenil	177	—	177	0%

Respecto a outras linguas propias cooficiais, non se encontran ningún título en éuscaro mentres existen 6 títulos cuxo audio está dispoñíbel en catalán. A pesar de ser a única das linguas cooficiais diferentes do español presente na plataforma, a porcentaxe que supoñen ditos contidos sobre o total é de apenas un 3,3%.

5 Servizo de comunicación audiovisual televisivo a petición con sede noutro estado da UE

5.1 Netflix

Netflix é unha plataforma de streaming estadounidense, que comezou ofertando servizos similares aos dun videoclub mais a domicilio: aluguer de DVDs a través do correo postal.

Coa chegada e expansión do uso de internet e da globalización, a compañía foise modernizando ata chegar a ser o que é hoxe e ofertar os seus servizos dun xeito coherente temporalmente falando: servizos de vídeo baixo demanda a través internet.

Globalmente, Netflix conta con 7340 programas no seu repertorio, dos cales só 13 están dobrados ao galego –0,18%–, 92 están lexendadas –1,25%– e 1 é de produción orixinal en galego.

Netflix conta cunha opción ou apartado dentro da web na cal só se recollen series e filmes para crianzas e adolescentes. Dese xeito, a fonte principal de información para este análise será dito apartado infantil dentro da propia web de Netflix. Neste apartado conta cun total de 790 títulos dispoñíbeis a finais do ano 2022, todos eles dobrados ao español dentro dunha oferta de contidos dobrados moi ampla, aínda que só 4% en versión orixinal. Cinguíndonos á versión orixinal o inglés é a lingua do 75% dos contidos, o xaponés do 6% de xaponés e case un 3% de francés. A cantidade de contidos en galego é ínfima: en total, hai 15 títulos –recórdase, dun total de 790– que teñen o galego ou ben na dobraxe ou ben na lexendaxe –o que supón un 1,89% dos seus contidos infantís e xuvenís–, sen que ningún sexa en versión orixinal.

En relación coa presenza dos demais idiomas cooficiais do Estado, cabe destacar que Netflix oferta 19 títulos infantís dobrados ou lexendados ao éuscaro (2,4% dos contidos infantís e xuvenís). Para o catalán, dita plataforma oferta 23 títulos dobrados, un 2,9% do total dos seus contidos infantís e xuvenís.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	7340	106	7340	1,44%
Infantil e xuvenil	790	15	790	1,89%

5.2 HBO Max

HBO Max é o servizo de streaming propiedade de Warner Bros, que saíu á luz na USA no ano 2020. Principalmente, posúe contidos pertencentes ás canles «premium» de HBO e producións de Warner Bros; mais tamén oferta contidos de orixes diversas, para tódolos públicos e de tódolos tipos.

Dese xeito, igual que para Netflix, a plataforma conta cun apartado no que os contidos están dirixidos exclusivamente a un público infantil e xuvenil; de aí é de onde se extraeu a información para este informe.

De xeito global, na plataforma pódense atopar un total de 365 series e filmes; dos cales ningún pode ser visualizado en galego de ningún xeito, nin lexendado, nin dobrado, nin en versión orixinal.

Esta plataforma ofrece un total de 194 títulos infantís e xuvenís na súa páxina. O 100% conta con versión en castelán, 72% en inglés, 9% francés e 7% xaponés, cando menos a través das versións orixinais.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	365	—	365	0%
Infantil e xuvenil	194	—	194	0%

5.3 Prime Video

Prime Video é o servizo de *streaming* de pago de series e filmes que foi creado e xestionado pola compañía Amazon; ofrecéndose como un servizo complementario ou independente coa subscripción a Amazon Prime. Naceu no ano 2006 e emite contidos tanto de produción propia como doutras cadeas, canles, eventos deportivos e un longo etcétera.

Entre tódolos contidos que emite, existe a opción de configurar a conta para que só amose contidos infantís e xuvenís; sendo de aí de onde se extraerán os datos para este informe.

De xeito xeral, en Prime Video pódense visualizar un total de 7341 títulos, dos cales o 100% contan con versión en castelán mentres só 33 teñen versión en galego, nengunha delas orixinal.

Esta plataforma conta con 379 series e filmes infantís e xuvenís en emisión. Ademais de contaren todas con versión en español, cando menos o 47% conta con versión en inglés, 10,47% en francés e 4,45% en alemán. As versión dobradas dos títulos adoitan ofrecer unha grande variedade de linguas.

Como lingua orixinal o catalán atópase en 7 programas, supoñendo un 1,8% dos contidos; e o éuscaro nun único programa, supoñendo apenas un 0,26%.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	7341	33	7341	0,44%
Infantil e xuvenil	379	—	379	0%

5.4 Disney +

Disney+ (Disney Plus) é un servizo de emisión de contidos audiovisuais, propiedade de The Walt Disney Company, que ofrece filmes, documentais, especiais, curtas, programas e series de televisión producidas por The Walt Disney Studios e Walt Disney Television. Conta seccións temáticas con contidos de Disney, Pixar, Marvel, Star Wars, National Geographic e Star.

Esta plataforma con 2452 títulos, todos eles con versión en español e ningunha en galego.

	Títulos	En galego	En castelán	En galego (%)
Xeral	2452	—	2452	0%
Infantil e xuvenil	738	—	738	0%

6 Análise conxunta

Afectadas pola lei audiovisual (un mínimo do 1,5% do catálogo ten que ser en cada lingua propia oficial das comunidades autónomas).

	Xeral		Infantil e xuvenil	
	En castelán	En galego	En castelán	En galego
RTVE Play	743	4	140	—
MiTele	140	—	27	—
Atresplayer	6795	—	100	—
Filmin	9386	29	270	2
Movistar +	1924	2	177	—
Total	18.988 (100%)	35 (0,18%)	714 (100%)	2 (028%)

Excluídas da lei audiovisual. Só obrigadas a establecer un código de autorregulación que debería ter entrado en vigor en xaneiro do 2023 mais que aínda se descoñece.

	Xeral		Infantil e xuvenil	
	En castelán	En galego	En castelán	En galego
Netflix	7340	106 (1,44%)	790	15 (1,89%)
HBO Max	365	—	194	—
Prime Video	7341	33 (0,44%)	379	—
Total	15.046 (100%)	139 (0,92%)	1363 (100%)	15 (1,1%)

7 Conclusións

Pola transcendencia, relevancia e referencialidade que ten o audiovisual na sociedade actual calquera acción dirixida á normalización da lingua galega habería de telo en conta como un espazo estratéxico. Con esa idea a Mesa pola Normalización Lingüística lanzou a iniciativa Xabarín e participa noutras xunto a entidades do sector como a Iniciativa polo galego no audiovisual.

Porén, este principio non é asumido polo conxunto de poderes públicos malia o seu deber de promover o uso do galego. Neste sentido, a responsabilidade está dividida entre o goberno galego, con responsabilidade na tvG, e o goberno español, con capacidade de proposta lexislativa e influencia nas Cortes.

A situación de emerxencia lingüística que padece o galego reclama urxencia ás institucións públicas para que garantan a oferta audiovisual en galego para todos os públicos, e de xeito especial, par a infancia e a mocidade.

A Iniciativa Xabarín, impulsada desde a sociedade, aínda non se concretizou na súa aplicación. A execución deste acordo parlamentar na parte aplicábel desde Galiza multiplicaría por

10 a dispoñibilidade de galego nas operadoras de televisión e melloraría o acceso aos contidos xa dispoñíbeis na web da tvG ao implicar melloras e actualización das Apps. Ademais a existencia dunha OTT 2.0 da tvG facilitaría o acceso en calquera momento a calquera dos contidos infantís e xuvenís actuais ou pasados. Xunto cunha mellora do catálogo infantil e xuvenil para favorecer a presenza de contidos actuais, atractivos así como culturais e educativos, é urxente que se cumpra o prazo de lanzamento da OTT 2.0 comprometido para non máis tarde de setembro de 2023.

Respecto á Lei Xeral de Comunicación Audiovisual, como denunciou á Mesa no momento da súa aprobación, ficou moi lonxe da igualdade nas cotas de emisión, catálogo, financiamento anticipado, dobraxe, lexendaxe ou audiodescricións reclamada na Inicitiva Xabarín e nas emendas que A Mesa xunto a outras entidades do sector audiovisual galego fixo chegar aos grupos políticos. Porén, establecía mínimos de catálogo e indicaba que se debían garantir contidos en galego para menores de 12 anos.

A case un ano da súa aprobación nada disto se está a cumprir, destacando no desleixo do cumprimento da súas obrigas TVE como canle pública. É precisa unha revisión das obrigas á operadoras e fornecedoras de servizos televisivos establecendo para elas obrigas claras, con mecanismos para se garantiren, conducentes a establecer a igualdade real entre as linguas en todo aquilo que a lexislación establece xa para o español.

Neste sentido a Mesa fixo chegar ao Parlamento Europeo emendas ao informe sobre a Directiva audiovisual que está a preparar. O enorme interese levantado na presentación destas emendas o pasado 20 de abril lévanos a pensar que aínda é posíbel percorrer un camiño que nos leve a podermos gozar en Galiza de audiovisual en galego.

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA